

Celga



1

PROBA B (ORAL)



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Modelo: C10/2008-2/A

PARTE 1 (Transcripción do texto oral)

CASA IDEAL

A continuación, vai escoitar dúas veces seguidas unha conversa entre dúas amigas sobre a súa casa ideal. Tome as notas que precise.

L: Ola Maruxa! Como che vai?

M: *Ola Laura! A min moi ben, e a ti? Que, xa atopaches casa?*

L: Pois niso ando, pero non che é fácil. Onte vin tres e hoxe xa levo dúas.

M: *Veña muller, ánimo, que xa aparecerá o que buscas; só che fai falla un pouco de tempo e paciencia.*

L: Si, xa, porque non é sinxelo encontrar o que un quere... Ti tampouco me parece unha persoa fácil de contentar...

M: *Ben, se me dan a elixir, quero unha casa grande, moderna, con moitas ventás e preto do mar. Sabes?, para min é moi importante a luz, non podería vivir nunha casa sen claridade. E por sorte a miña ten moitas fiestras, pero o do mar está máis difícil, aquí témolo bastante lonxe. Teño que contentarme coas dúas semanas de vacacións que paso na praia cada ano.*

L: Xa, claro... Pois eu non, mira ti! Eu quero vivir nunha zona de montaña. Encántame practicar deporte nos espazos naturais. A casa dos meus soños é pequena, de pedra por fóra e madeira por dentro, cunha cheminea para as noites de inverno, e... se tivese un río preto para ir pescar, sería perfecta.

M: *Uff! Pois creo que non vai ser moi doado atopar un fogar con esas características...*

L: Non, muller, iso é o ideal, pero eu confórmome con moito menos. Só quero unha casa nas aforas da cidade, nunha zona pouco concorrida, coas comodidades básicas para vivir tranquilamente, e claro, cun prezo alcanzable para o meu peto...

M: *Pois nese caso, deséxoches sorte, porque os prezos andan polas nubes.*

L: Faime falla unha pouca, si. Veña, déixote, que vou seguir buscando.

M: *Vale... Ata loguiño!*

L: Abur!

PARTE 2

PREGUNTAS FIXAS

- Resuma o contido da conversa.
- Como é a casa ideal de Laura? E a de Maruxa?
- Como é a casa que quere mercar Maruxa?
- Que lle aconsella Laura?

PREGUNTAS VARIABLES

OPCIÓN A

1. Onde está situada a casa dos seus sonhos? Como é?
2. Que características son para vostede as máis importantes nunha casa?
3. Está vostede contento coa casa na que vive?
4. Que é o que nunca podería haber na súa casa ideal? Por que?
5. Coñece a alguén que teña a súa casa ideal?

OPCIÓN B

1. Como era a casa na que vivía vostede na súa infancia?
2. Gustaríalle cambiar algo? Que é o que máis lle gustaba?
3. Como é a casa na que vive actualmente?
4. Que considera o máis positivo e o máis negativo dela? Gustaríalle cambiar algo?

OPCIÓN C

1. Na casa na que viviu na súa infancia tiña veciños? Como eran? Cal era a súa relación con eles?
2. Considera positivo ou negativo ter relación cos veciños?
3. Actualmente ten vostede veciños? Como son? Cal é a súa relación con eles?
4. Cambiou o modo que teñen de relacionarse as persoas que viven preto desde a súa infancia á actualidade? Por qué?